

AS TRABADAS DE ANIMAIS E O CONTROL DA RABIA EN GALICIA

Tendo en conta a situación actual da rabia en Galicia actualizáronse as recomendacións sobre a profilaxe antirrábica ante unha trabada por animal[1].

Actuación do sistema asistencial ante unha trabada

- Tratamento xeral da ferida e profilaxe antitetánica, se fose necesaria.
- **Notificación urxente ao SAEG**, ou ao 061, das trabadas producidas en **circunstancias de risco** (ver logo).
- Administración de profilaxe antirrábica postexposición (ver o apéndice) se hai **circunstancias de risco**.
- Notificación urxente dunha sospeita de rabia humana.

“Só terán consideración de notificación obrigatoria e urxente, ao SAEG ou ao 061, as trabadas producidas en circunstancias de risco”

[1] http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=62082

[2] Consultar en: http://www.who.int/rabies/rabies_maps/en/ ou ás seccións de epidemioloxía das xefaturas territoriais de sanidade (teléfonos ao pé da páxina)

Que é unha circunstancia de risco nunha trabada? Galicia considérase libre de rabia animal, polo que só terán consideración de notificación e tratamento antirrábico as trabadas producidas en circunstancias de risco, que son as seguintes:

- Cando se saiba de certo que o animal é orixinario dunha zona onde hai rabia (enzoótica)[2] ou que viaxou a ela nos últimos tres meses.
- Cando a persoa foi trabada nunha zona enzoótica [2].
- Cando o animal que traba é un morcego.
- Cando, polo seu comportamento estraño ou pola súa conduta agresiva, un profesional competente sospeita que o animal pode padecer rabia.

“Cando o contacto que se tivo co animal non foi a trabada, senón que se produciron escoriacións, lambidas sobre pel lesionada, contaminación da membrana mucosa por saliva (ex. lambidas) e sempre que se cumpra o criterio de circunstancia de risco, consultar co SAEG”.

http://dxsp.sergas.es

A GRIPE: RAZÓNS PARA REXISTRAR O EPISODIO EN IANUS

A gripe vixiouse como EDO dende 1904, pero o atraso que implicaba o sistema de declaración tradicional non permitía empregalo para advertir ao sistema asistencial da onda anual da gripe que, en ocasións, produce grandes trastornos, especialmente nos hospitais. Para dar conta deste obxectivo, a partir do 2000, en Galicia empréganse as chamadas ao 061 por gripe máis IRA, e os datos das EDO permitiron, ao longo destes anos, validar este novo sistema. As EDO subestiman o número de casos de gripe, pero amosan con maior exactitude a forma, o intre e a intensidade relativa da onda anual da gripe, como se comproba cos datos das redes sentinela.

Deste xeito, validado como sistema de vixilancia as chamadas ao 061, xa non é preciso que a gripe sexa de declaración obrigatoria. É dicir, dispónse dun sistema alternativo que permite liberar aos médicos da obriga legal de declarar gripe.

Ora ben, quere iso dicir que xa non fai falla rexistrala? Non, en absoluto. É moi recomendable facelo xa que a codificación de todos os novos episodios dos que se teñen conta é unha ferramenta fundamental para coñecer a carga de enfermidade existente.

Ademais, estes rexistros de gripe veñen empregándose tamén dende o ano 2009 na vixilancia da gripe [1], xa que permiten unha aproximación máis específica da intensidade da gripe na nosa comunidade, facilitan a estimación de taxas e a comparación, por grupos de idade e provincia, cos datos do 061. Ademais, é especialmente relevante en tempadas como esta que non está a presentar unha grande incidencia, xa que se ten observado que nestas circunstancias o rexistro das chamadas ao 061 por gripe máis IRA perde algo do seu valor, feito non relevante porque, nestas circunstancias, non é previsible que a gripe tiña un impacto excesivo no sistema sanitario.

Para rematar, compre salientar que durante a tempada de gripe se difunde entre os sistemas sanitarios un informe semanal con datos de vixilancia, que se publica os mércores pola tarde na páxina web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública [2].

[1]BEG. http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=62621

[2] http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=62574

COMO REXISTRAR AS EDO EN IANUS

A maneira de declarar unha EDO en IANUS é **creando un novo episodio**. Para iso compre, ou ben pór directamente o código CIAP na casíña correspondente, ou ben por o diagnóstico na casíña que está ao carón da do código CIAP e, deste xeito, o código CIAP aparecerá por defecto.

Finalízase premendo o botón “aceptar”. Deste xeito a declaración é automática. **Non é necesario, pois, marcar o botón que di “EDO”**; que, de feito, desaparecerá en próximas versións de Ianus.

APÉNDICE

PROFILAXE POSTEXPOSICIÓN DA RABIA:

Diferentes recomendacións en función do estado vacinal da persoa trabada.

Estado vacinal	Tratamento	Pauta*
Non vacunado previamente	Limpeza da ferida	Todo tratamento postexposición debe comezar cun lavado inmediato e minucioso de todas as feridas con auga e xabón. Se se dispón de axentes virucidas, como solución de iodo, deben usarse para irrigar as feridas.
	Gammaglobulina antirrábica	Administrar 20 UI/kg de peso. Se é posible anatomicamente, toda a dose debe ser infiltrada arredor das feridas e o volume sobrante administrado IM, nun punto anatomicamente distante da inoculación da vacina. Non debe usarse a mesma xiringa para a gammaglobulina e a vacina. Non dar maior dose da recomendada.
	Vacina	HDCV o PCECV 1 ml, IM (área deltoidea [§]) 1 dose os días 0 ^l , 3, 7 e 14. En persoas inmunodeprimidas o número de doses que deben administrarse é de 1 dose os días 0, 3, 7, 14 e 28.
Previamente vacunado [†]	Limpeza da ferida	Todo tratamento postexposición debe comezar cun lavado inmediato e minucioso de todas as feridas con auga e xabón. Se se dispón de axentes virucidas, como solución de iodo, deben usarse para irrigar as feridas.
	Gammaglobulina antirrábica	Non debe administrarse.
	Vacina	HDCV o PCECV 1 ml, IM (área deltoidea [§]) 1 dose os días 0 ^l e 3.

Fonte: ACIP. MMWR. March 19, 2010 / 59(RR02);1-9;
http://www.cdc.gov/rabies/resources/acip_recommendations.html

HDCV=vacina cultivada en células diploides humanas; PCECV=vacina cultivada en células de embrión de pito purificadas; IM=intramuscular

* Esta pauta aplícase a calquera grupo de idade, incluído nenos.

[§] A área do deltoides é o único punto aceptable de vacinación de adultos e nenos maiores. Nos nenos máis pequenos, pode usarse a zona externa do coxa. A vacina nunca debe administrarse no glúteo.

^l O día 0 é o día no que se administra a primeira dose de vacina.

[†] Calquera persoa cunha pauta completa de profilaxe preexposición ou postexposición con HDCV, PCECV ou de vacinación previa con calquera outro tipo de vacina antirrábica e historia documentada de resposta inmunitaria á vacinación.